

ÁS VECES SINTO QUE NO MEU PAÍS FALTAN PALABRAS

Sinto que cando a muller da floraría
non me fala na miña lingua
desaparece un prado de pensamentos azuis,
que cando no taller de chapa e pintura
non falan a miña lingua
se me oxida algo por dentro,
que perdo cartos
cando no banco non me atenden no meu idioma.
E cando abro os xornais
e a miña lingua só aparece debaixo das pedras,
é como se o meu país fose outro.

Ás veces cando estou no autobús
e non escoito a ninguén falando a miña lingua,
fecho e abro os ollos para ver se estou soñando.
E cando no medio dunha praza escoito un neno
ou unha nena que fala coma min,
teño ganas de abrazala,
de protexela de todo o que está a suceder
antes de que sexa demasiado tarde.

Ás veces sinto que no meu país faltan as palabras,
que desaparecen día a día,
que hai xente que as abandona
e xente que as esconde
e sinto que pouco a pouco
o meu país vai facéndose máis pequeno
e que somos menos porque hai menos palabras.

No meu país hai moita xente
buscando
as palabras que nos faltan.
Buscamos debaixo das pedras,
nos xornais
ou nos nenos e nenas que agardan o autobús,
palabras que ás veces aparecen
e outras perdéronse para sempre.

Gustaríame que atopásedes as miñas palabras
como eu necesito as vosas.

1. Despois de leres o texto de Séchu Sende responde as preguntas:

- a) A que realidade lingüística se alude no texto? Explica en que consiste.
- b) En que situacións a voz poética sente a falta da súa lingua? Por que se nomean certos lugares en concreto?
- c) Faise referencia nalgún momento á función de identidade da lingua? Onde?
- d) Que consecuencias individuais e sociais provoca o feito de que algunhas persoas abandonen e agachen o seu idioma?
- e) Que quere dicir Séchu Sende con *o meu país vai facéndose máis pequeno*?
- f) Como interpretas os últimos dous versos *Gustaríame que atopásedes as miñas palabras/como eu necesito as vosas*?